

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne-se no Pazo provincial ás 12,25 horas do día 18 de marzo de 2022, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 18 de febreiro de 2022.

### **2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, ANO 2022**

A presidencia informa sobre as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno de 25 de febreiro de 2022 e publicadas no BOPPO núm. 41 de 1 marzo de 2022. As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva para as actividades culturais que organicen as entidades sen fins de lucro entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste, cando teñan relevancia para os intereses provinciais. Preténdese continuar coa liña de colaboración coas entidades sen fins de lucro da nosa provincia para a realización de actividades culturais que contribúan á promoción, á difusión e á conservación do noso patrimonio cultural, tales como: actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), festivais, mostras, encontros, certames culturais, intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, etc. Estas axudas concederanse con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 250.000,00 €.

### **3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAI AUDIOVISUAI NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022**

A presidencia informa sobre as bases de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno de 25 de febreiro de 2022 e publicadas no BOPPO núm. 49 de 11 de marzo de 2022.



Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen unha especial atención á programación e difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción e as solicitudes que opten a esta convocatoria deberán reunir os requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria.

Estas axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 150.000,00 €.

#### **4.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVALS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022**

A presidencia informa sobre as bases de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno de 25 de febreiro de 2022 e publicadas no BOPPO núm. 49 de 11 de marzo de 2022.

Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a organización de festivais musicais e teatrais de recoñecido prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música e do teatro galego, ademais doutras variantes artísticas e que se levasen a cabo como mínimo en tres edicións consecutivas nos últimos catro anos e as solicitudes deberán reunir os requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria.

Estas axudas concederanse con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 do orzamento provincial por un importe total de 150.000,00 €.

#### **5.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á: - UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O "PROXECTO "LINGUA E SOCIEDADE NO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO E NO BACHARELATO""**

A presidencia da conta da proposta de concesión dunha subvención á Universidade de Vigo para o "Proxecto "Lingua e sociedade no ensino secundario obrigatorio e no bacharelato" por un importe total de 17.000,00 € con cargo á aplicación 22/334.3340.453.90 do orzamento provincial.

Sometida á votación dita proposta, fano a favor todos os grupos, polo que se acorda ditaminar favorablemente, por unanimidade, a citada proposta e trasladala ao órgano competente para a súa aprobación definitiva.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

